



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 3 de xullo de 2014

Hora de comezo: 13.35h

Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Clasificación das ofertas presentadas para a contratación da obra “Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro”, incluída no Plan POS 2014**
- 3. Aprobación de certificación de obras**
- 4. Requirimento de corta de árbores (carballos) a carón do camiño público que comunica Rodiño Grande (Sergude) con Outeiro (Lamas)**
- 5. Outorgamento de licenza de tenza de animais potencialmente perigosos**
- 6. Inicio de expediente de responsabilidade patrimonial por danos, número 14/1180**
- 7. Xeracións de crédito**
- 8. Altas en abastecemento / saneamento**
- 9. Licenzas urbanísticas**
- 10. Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía**
- 11. Destino do canon do Convenio con RAMSA, aprobado o 20 de febreiro de 2014 en Xunta de Goberno**

12. Aprobación de facturas

13. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de xuño de 2014

2.Clasificación das ofertas presentadas para a contratación da obra “Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro”, incluída no Plan POS 2014

Na Xunta de Goberno realizada o día 5 de xuño de 2014, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra denominada “Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro ” por un importe de 107.811,68 euros

Así mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL

Obras y Viales de Galicia, SL

Únika Proyectos y Obras, SA

No prazo establecido para o efecto recíbense as seguintes ofertas das empresas que a continuación se relacionan:

Núm. de rexistro de entrada	Empresa
14/1162	Excavac. Construc. Hnos. Couto Fandiño, SL
14/1169	Obras y Viales de Galicia, SL
14/1172	Únika Proyectos y Obras, SA

De seguido ábreanse os sobres que conteñen as ofertas económicas seguintes:

Empresas	Oferta económica sen IVE	IVE
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	89.100,56	18.711,12
Obras y Viales de Galicia, SL	89.100,56	18.711,12
Únika Proyectos y Obras, SA	89.100,56	18.711,12

O día 27 de xuño de 2014, ten entrada no rexistro do concello (14/1204) o informe técnico valorativo dos criterios establecidos no prego e asinado polo enxeñeiro don Julio C. Rojo Martínez, que establece a seguinte valoración:

Empresas	A	B	C	D	Puntuación Total
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	12	6	4.50	9	31.50
Obras y Viales de Galicia, SL	12	6	12	9	39.00
Únika Proyectos y Obras, SA	12	6	2	9	29.00

As valoracións das ofertas económicas son realizadas no programa de valoración de ofertas que a Deputación da Coruña ten na súa páxina de contratación, polo tanto á vista deste datos a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas:

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Obras y Viales de Galicia, SL	12	6	12	9	0	39.00
Excv. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	12	6	4.50	9	0	31.50
Únika Proyectos y Obras, SA	12	6	2	9	0	29.00

2 Requiritur ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas conforme co establecido na art. 146.4 da Lei de contratos na súa redacción dada pola lei 14/2013 do 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización.

Tamén presentarán o correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

3.Aprobación de certificación de obras

O día 21 de abril de 2014, esta entidade asinou un contrato coa empresa Hnos. Couto Fandiño para a realización da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros” por importe de 156.090,00 euros. Esta obra está financiada pola Deputación da Coruña cunha achega máxima de 125.217,21 euros, que representa o 80% do custo total.

O día 27 de xuño a empresa adjudicataria presenta a certificación núm. 1 da dita obra por importe de 76.019,59 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a certificación núm. 1 da obra denominada “Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros” por importe de 76.019,59 euros, así como a correspondente factura núm. 51/2014 emitida o 25 de xuño de 2014 polo mesmo importe que a certificación.

Comunicar a Tesourería que se realice o pagamento con cargo á subvención que se reciba de Deputación

4.Requirimento de corta de árbores (carballos) a carón do camiño público que comunica Rodiño Grande (Sergude) con Outeiro (Lamas)

Antecedentes

O 6 de xuño de 2014 presenta escrito no Concello de Boqueixón, don Isaac xxxxx, con número de entrada 14/1031, instando o exercicio da potestade de defensa do camiño de dominio público municipal Rodiño Grande (Sergude) – Outeiro(Lamas).

Manifesta que circula polo citado camiño con dificultade e certo perigo material, posto que existen árbores e pólas das árbores que invaden dita infraestrutura.

Que as árbores e as pólas provocan riscos para o tráfico, danos e avarías nos vehículos e risco para as persoas, debendo ser eliminadas de tal forma que nesa franxa non existan polas en altura.

Afirma así mesmo que a execución dos traballos de corta deben serlle requiridos polo concello ás persoas propietarias, neste caso á propietaria dona Carmen xxxxx.

A través de certificado catastral descritivo e gráfico sinálase que o camiño municipal, que comunica as aldeas de Rodiño Grande e Outeiro, ten a referencia catastral número 15012A014090150000EL, polígono 14, parcela 9015, “vía de comunicación de dominio público”.

Según informe do Encargado de Obras do Concello de Boqueixón, de 18 de xuño de 2014, sinálase que:

“ En relación co escrito presentado no concello, por don Isaac xxxxx, instando ó exercicio da potestade de defensa do camiño público que comunica Rodiño Grande (parroquia de Sergude) con Outeiro (parroquia de Lamas), pola invasión do mesmo con pólas e árbores que invaden dita infraestrutura, informo do seguinte:

- O camiño municipal obxecto de denuncia é o que transcorre desde Rodiño Grande (parroquia de Sergude) ata Outeiro (parroquia de Lamas), con referencia catastral 15012A014090150000EL.

- A ambos lados do camiño municipal, non existen pólas de árbores que impidan o paso de persoas ou de vehículos.

- Existen, catro árbores (carballos) que invaden o camiño municipal, e que en calquera momento poden caer enriba do camiño , dada a inclinación que teñen sobre o mesmo.

-Na parcela número 346 e lindando co camiño público, zona oeste, existen tres carballos, que tal e como se acredita na reportaxe fotográfica están invadindo o camiño.

-Na parcela número 338 “Zanca da Abaixo” e lindando co camiño público, zona oeste, existe un carballo, que tal e como se acredita na reportaxe fotográfica está invadindo o camiño citado.

Deben ser obxecto de corta dada a perigosidade existente así como o ser un obstáculo para o tránsito de persoas, bens ou para o tráfico rodado”.

As parcelas número 346 e número 338 do lugar de Rodiño Grande-Sergude figuran na certificación catastral, e tal como sinala don Isaac xxxxx, a nome de dona Carmen xxxxx.

Consideracións Xurídicas

-Lei 7/1985 de 2 de Abril, reguladora de bases de réxime local, que sinala como competencia local, no seu artigo 25.2.d) “O concello exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das CCAA, nas seguintes materias:

d) Conservación de camiños e vías rurais”

-O artigo 5 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, do 17/06/1955, sinala que a intervención das corporacións locais na actividade dos administrados levarase a cabo polos medios e principios enunciados na lexislación básica en materia de réxime local.

O concello debe exercer en todo caso competencias en relación coa seguridade nos lugares públicos, que implica a ordenación, vixilancia e disciplina nas vías públicas urbanas e nos camiños rurais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir a dona Carmen xxxxx, como propietaria das árbores (carballos) que están situados na parcela numero 346 e lindando co camiño público, zona oeste, (**tres carballos**) e na parcela número 338 “Zanca da Abaixo” e lindando co camiño público, zona oeste (**un carballo**), para que proceda coa súa corta, por estar os mesmos invadindo o camiño de dominio público municipal Rodiño Grande (Sergude) – Outeiro(Lamas), dificultando o paso de persoas , de tráfico rodado e pola perigosidade existente.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa do citado traballo de corta, repercutíndolle o custo á propietaria obrigada.

3. Dar trámite de audiencia a dona Carmen xxxxx para que en prazo de dez días hábiles formule alegacións ou presente a documentación oportuna.

5.Outorgamento de licenza de tenza de animais potencialmente perigosos

O día 10 de xuño de 2014 co número de entrada 14/1069 dona Lucía xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos, en concreto para a tenza dun PIT BULL, con data de nacemento 14/11/2012, macho, cor atigrado, sen signos particulares, con código de identificación 941000016127635 e con destino de animal de compañía.

Dita solicitude preséntase acompañada de :

- Certificado psicotécnico efectuado a dona Lucía xxxxx, de data 06/06/2014, que a capacita como apta para obter a licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
- Información orixinal do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de dona Lucía xxxxx.
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, acreditativo da non existencia de sancións por infraccións previstas na Lei 50/1999 de 23 de decembro, artigo 13.3, sobre réxime xurídico de animais potencialmente perigosos.
- Copia do seguro de responsabilidade civil, no cal se sinala igualmente cobertura para os cans propiedade de dona Lucía xxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Copia do DNI de dona Lucía xxxxx

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona Lucía xxxxx, como propietaria do animal que se identifica como especie e raza canina PITT BULL, con data de nacemento 14/11/2012, macho, cor atigrado, sen signos particulares, con código de identificación 941000016127635 e con destino de animal de compañía.
2. Aprobar a liquidación da taxa correspondente , por importe de **trinta euros**, que deberá ser ingresada nas arcas municipais ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do Concello de Boqueixón: conta núm. xxxxx Novagalicia Banco (Lestedo-Boqueixón)
3. De non efectuarse o ingreso correspondente, esta licenza non terá efectos.
4. A presente licenza ten unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada antes do transcurso do citado prazo.

6.Inicio de expediente de responsabilidade patrimonial por danos, número 14/1180

Antecedentes

Con data 23 de xuño de 2014, número de rexistro de entrada 14/1180, recíbese no Concello de Boqueixón un escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial presentado polo avogado don Manuel xxxxx, en representación de don Jesús Manuel xxxxx, no cal indica:

1. Que don Jesús Manuel xxxxx é propietario do vehículo Audi A4, matrícula xxxxx.
2. Que o día 12/02/2014 sobre as 12.15 h. circulando pola vía (078) de Lavacolla a Boqueixón, á altura do punto quilométrico 2.1 , pasou sobre unha focha sen sinalizar de 16 x 20 cm. de profundidade, ocasionándolle un corte no pneumático dereito do vehículo, cuxa reparación ascende a 226,37 euros. (Achega factura)
3. Que no lugar personouse a Garda Civil de Tráfico, a cal informa que o sinistro ocorre no termo municipal de Santiago de Compostela (achega copia do citado informe)
4. Que presentou reclamación contra o Concello de Santiago de Compostela , o cal resolveu non recoñecer o dereito de indemnización xa que o punto quilométrico no que se produciu o sinistro está fóra do termo municipal de Santiago de Compostela.

SOLICITA, se indemnice a don Jesús Manuel xxxxx por importe dos 226,37 euros máis os intereses legais desde a data da presentación da reclamación.

Consideracións Xurídicas

1. Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, no seu artigo 2.1 establece que as Administracións Públicas recoñecerán o dereito á indemnización dos particulares nos termos previstos no cap. I título X da lei de réxime

xurídico das Administracións Públicas, polas lesións que sufran en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior ou danos que o particular teña o deber xurídico de soportar.

No artigo 11.1 do mesmo real decreto, establécese que instruído o procedemento e antes de redactar a proposta resolución, poráselle de manifesto ó interesado.

Así mesmo, establécese que con motivo da notificación da iniciación do trámite, facilitaráselle unha relación dos documentos que obran no procedemento, co fin de que poidan obter copia dos que estimen convenientes e concederáselle un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15 para formular alegacións.

2. O artigo 13 deste mesmo real decreto establece o prazo de 20 días desde a conclusión do trámite de audiencia para resolver ou someter a proposta de acordo para a súa formalización.

Vista a documentación presentada polo denunciante, o concello solicitou os correspondentes informes co fin de comprobar os feitos alegados no escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar os trámites para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos segundo os cales se deba pronunciar a resolución.
2. Nomear instrutor do expediente ó funcionario don Juan Manuel Corral Sánchez.
3. Dar trámite de audiencia ó interesado a fin de que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes, para o que se lle facilitará unha relación dos documentos que obran no procedemento.

7.Xeracións de crédito

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria-Interventora do concello, a Xunta de Goberno acorda realizar as seguintes xeracións de crédito:

- A xeración de crédito na partida 226 na área de gasto 4, por importe de 2.558,00 €, axuda concedida con compromiso firme da Xunta de Galicia, xustificada pola xeración de ingreso na partida 750.
- A xeración de crédito na partida 226 na área de gasto 3, por importe de 1.500,00 €, axuda concedida con compromiso de 3.000,00 € da Deputación da Coruña, ingresando no 2013 o 50% e quedando pendente para o 2014 o restante 50% , xustificada pola xeración de ingreso de 1.500,00 € na partida 761.
- A xeración de crédito na partida 226 na área de gasto 3, por importe de 3.880,90 €, axuda concedida con compromiso da Deputación da Coruña , xustificada pola xeración de ingreso na partida 761.

8. Altas en abastecemento / saneamento

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á persoa que se relaciona a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Marcos xxxxxx	xxxxx	xxxxx , Vilar - Lestedo	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detallan na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

A alta concedida a don Marcos xxxxx é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Marcos xxxxx	xxxxxx	xxxxxx , Vilar - Lestedo	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A alta concedida a don Marcos xxxxxx é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

9. Licenzas urbanísticas

A) Expte.:13/1187. Concesión de licenza de apertura e inicio de actividade dun tanatorio na Casa de Cultura de Camporrapado - Pousada

Antecedentes:

Na Xunta de Goberno Local con data do 24 de outubro de 2013 acordouse conceder á Funeraria Casablanca, SL, a licenza municipal de obras e actividade para realizar as obras de acondicionamento parcial da planta baixa da casa de cultura de Camporrapado para a instalación dun tanatorio, emprazado no lugar de Camporrapado, na parroquia de Pousada, e coas condicións establecidas na propia licenza.

Con data do 29 de abril de 2014 (rexistros de entrada 14/796 e 14/797, do 30 de abril de 2014), don Jorge xxxxx, con DNI xxxxx, como Administrador de Funeraria Casablanca, SL presenta nestas dependencias municipais Certificado final de obra, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, don Roberto C. Ozores Nine, colexiado núm. 2084 de COITI de Santiago, co fin de solicitar a licenza de apertura para proceder ó inicio da actividade.

Con data do 30 de abril de 2014 (rexistro de saída 14/408), e en base ó Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, remítese á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade a documentación correspondente ó final de obra, co fin de solicitar a preceptiva autorización sanitaria de funcionamento.

Con data do 20 de maio de 2014 ten entrada nestas dependencias municipais a **autorización sanitaria favorable** para a posta en funcionamento do tanatorio, emitida o 15 de maio de 2014 pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade .

Con data do 21 de maio de 2014, e con rexistro de entrada 14/937 recíbese comunicación por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, na que se require documentación para a inscrición dunha instalación de cámaras de refrixeración no Rexistro de Instalacións Frigoríficas, en base á solicitude presentada con data 24/04/2014 por Friboiro, SL.

Con data do 26 de maio de 2014 e rexistro de entrada 14/965, por Funeraria Casablanca, S.L. presentan o informe de avaliación de niveis de illamento acústico do tanatorio.

Con data do 5 de xuño de 2014 e rexistro de saída 14/537, comunícaselle ao promotor que deberá presentar a documentación que non consta no expediente, e necesaria para xustificar as condicións especiais que figuran na licenza de obras e actividade , impostas pola Xefatura Territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; así como a inscrición no Rexistro de Instalacións Frigoríficas da Consellería de Economía e Industria.

Con data do 6 de xuño de 2014 e rexistros de entrada 14/1035 e 14/1036, por D. José Manuel xxxxx, administrador de Funeraria Casablanca, S.L., presenta documentación xustificativa para incorporar ao expediente municipal.

Con data do 17 de xuño de 2014, a arquitecta municipal emite o informe técnico sobre a comprobación da adecuación da obra executada ó proxecto en base ó cal outorgouse licenza municipal de obras e actividade ós efectos de obter a licenza de apertura, e que se transcribe literalmente:

“O obxecto do presente informe ten por finalidade comprobar se a obra executada se axusta ó proxecto en base ó cal lle foi concedida a licenza de obra e actividade (24/10/2013), ós efectos de obter a licenza de apertura.

Realizadas visitas de comprobación á obra executada con datas do 27 e 30 de maio de 2014, pola técnica que asina, en compañía de D. José Manuel xxxxx, administrador da empresa solicitante; comprobada a documentación aportada coa solicitude de licenza de apertura, e comprobada a documentación que versa no expediente de solicitude e outorgamento de licenza de obra e actividade, cabe realizar as seguintes observacións:

1. DOCUMENTACIÓN APORTADA COA SOLICITUDE DE LICENZA DE APERTURA

Con data do 30 de abril de 2014, e rexistro de entrada nº14/797, achégase a seguinte documentación:

- *Certificado final de obra firmado polo seu director, o enxeñeiro técnico industrial D. Roberto C. Ozores Nune (COITI Santiago nº2084), no que se xustifican as variación realizadas con respecto ó proxecto, e se axunta reportaxe fotográfico e plano da zona modificada.*
- *Informe de avaliación dos niveis de illamento acústico, firmado polo enxeñeiro técnico D. Pablo Xosé Pouso Iglesias, en representación da empresa de enxeñería acústica “Mónica Míguez”. Acompáñase resolución de homologación a Mónica Míguez Salvado, expedido pola CMATII.*

Con data do 20 de maio de 2014, e rexistro de entrada nº14/915, recíbese notificación da Consellería de Sanidade de autorización da posta en funcionamento do tanatorio, polo que se cumpre así coa condición especial nº2 da licenza de actividade outorgada.

Atendendo á condición especial nº3 da licenza de actividade (condicións impostas na Resolución de Incidencia Ambiental emitida pola Xefatura Territorial da CMATII), recíbese escrito firmado por D. José Manuel xxxxx, con data do 6 de xuño de 2014, e rexistro de entrada nº 14/1036, no que se di: “que en el ejercicio de la actividad de tanatorio, no se genera residuo alguno cuyo tratamiento tenga un carácter especial, dado que no se practica ninguna actividad que pueda generar los mismos, el único servicio que se presta es el de velatorio, por lo cual la caja mortuoria entra en el túmulo refrigerado cerrada y abandona el mismo en las mismas condiciones sin existir manipulación alguna de su contenido o del continente”.

A este respecto compre dicir que a licenza de obra e actividade concedeuse para a instalación dun tanatorio, non dun velorio, e que a tramitación do expediente realizouse en base á normativa de aplicación para o uso tanatorio (sanitaria, ambiental...), polo que a técnica que asina entende que non procede xustificar, cando as actuacións están totalmente rematadas, que o uso previsto é de velorio. O escrito presentado non xustifica o cumprimento da condición especial nº3 da licenza (3.a, 3.b e 3.c), polo que deberase achegar nova documentación.

2. OBSERVACIÓNS DERIVADAS DA VISITA DE INSPECCIÓN CON RESPECTO Ó PROXECTO E Á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PRESENTADA

Á vista da documentación presentada (proxecto e certificado final de obra), e realizada a correspondente visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.

3. CONCLUSIÓN

Realizada visita de comprobación á obra executada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra e actividade concedida.

Non obstante, para continuar coa tramitación do expediente, deberase achegar a documentación necesaria para xustificar a condición especial nº3 (3.a, 3.b e 3.c) da licenza de actividade.

Infórmase ós efectos oportunos,”

Con data do 18 de xuño de 2014 (registro de saída 14/585), por parte da Alcaldía, e tendo en conta o antedito informe técnico, ponse de novo en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación xustificativa, en base á condición especial nº 3 da licenza de actividade (condicións impostas na Resolución de Incidencia Ambiental emitida pola Xefatura Territorial da CMATII).

Con data do 25 de xuño de 2014 (registro de entrada 14/1188), por Funeraria Casablanca, S.L. incorporan ao expediente o Contrato de servizo de xestión de residuos, asinado pola empresa INSA, SL.

Con data do 26 de xuño de 2014, a arquitecta municipal, dona María Carmen Novoa Sío emite o informe técnico favorable para a correspondente licenza de apertura, no que se fai constar a seguinte conclusión:

“Realizada visita de comprobación á obra executada, considérase que as obras executadas axústanse á licenza de obra e actividade concedida. Así mesmo, consta entregada a documentación solicitada en informe técnico previo.”

Consta así mesmo no expediente, a Resolución do 17/06/2014 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, de Inscripción da instalación frigorífica sita en Camporrapado, no Rexistro de Instalacións Frigoríficas; así como o “Plan de xestión de Residuos” para a Funeraria Casablanca Tanatorio Municipal de Boqueixón, en Camporrapado.

Tendo en conta os antecedentes expostos e cumpridos os trámites esixidos, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Conceder a FUNERARIA CASABLANCA, S.L., con CIF: xxxxx, a licenza municipal de apertura para o inicio da actividade dun Tanatorio, emprazado na planta baixa da Casa de Cultura de Camporrapado, no lugar de Camporrapado, parroquia de Pousada, deste termo municipal, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros,**
- 2.- Notificar este acordo aos interesados.**

B) Expediente: 14/1152. Concesión de licenza municipal de 1ª ocupación

Antecedentes:

Con data do 19/06/2014 (registro de entrada núm. 14/1152), por Ana xxxxx, con DNI nº. xxxxxx, preséntase unha solicitude de licenza de 1ª ocupación, xunto coa seguinte documentación: Certificado final da dirección de obras, fotografías finais da execución das obras, calificación de eficiencia enerxética de edificio existente, e solicitude de inscrición na Subdirección Xeral de Enerxía da Xunta de Galicia, pola construción dunha vivenda unifamiliar illada, que se empraza urbanísticamente en Solo Urbano, Ordenanza 4, no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo.

Unha vez examinada a documentación presentada, constátase que a licenza municipal de obras, número 08/0211, de data do 06/02/2008 (incluída no expediente número 07/4458),

sobre a que se solicita esta licenza de 1ª ocupación, figura neste concello a nome de Ana xxxxxx, con DNI nº. xxxxxx, e Ovidio xxxxxx, con DNI nº. xxxxxx.

Con data do 24/04/2014, na Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, logo dos trámites oportunos, procedeuse a unha modificación da licenza de obras nº. 08/0211, con número de expediente 13/2446.

Con data do 30/06/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase informe técnico, con referencia á solicitude da licenza de 1ª ocupación, e que literalmente di:

“INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPROBACIÓN DA ADECUACIÓN DA OBRA EXECUTADA Ó PROXECTO EN BASE Ó CAL OUTORGOUSE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS, ÓS EFECTOS DE OBTER A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O obxecto do presente informe ten por finalidade comprobar se a obra executada se axusta ó proxecto en base ó cal lle foi concedida a licenza de obras, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación.

Realizada visita de comprobación á obra executada con data do 27 de xuño de 2014, pola técnica que asina, en presenza da solicitante; comprobada a documentación aportada coa solicitude de licenza de primeira ocupación, e comprobada a documentación que versa no expediente de solicitude e outorgamento de licenza de obra, cabe realizar as seguintes observacións:

1. DOCUMENTACIÓN APORTADA COA SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Con data do 19 de xuño de 2014 e rexistro de entrada nº14/1152, achégase a seguinte documentación:

- *Certificado Final de Obra firmado polo director da obra, o arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro (COAG nº 1779) e polo director de execución, o arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro (COATIEAC nº 891), e visado polo COAG con data do 10 de xuño de 2014.*
- *Certificado de eficiencia enerxética da vivenda, e xustificante da súa presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia.*

2. OBSERVACIÓNS DERIVADAS DA VISITA DE INSPECCIÓN CON RESPECTO Ó PROXECTO E Á DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PRESENTADA

A vista da totalidade da documentación presentada, e realizada a correspondente visita de comprobación pola técnica que asina o presente informe, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación.

3. CONCLUSIÓN

*En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase **que as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida.***

Infórmase ós efectos oportunos

Boqueixón, 30 de xuño de 2014”

Consta no expediente toda a documentación presentada polos promotores, o informe técnico favorable, de data do 30/06/2014, e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con data do 23/06/2014), por importe de 92,43 €, polo que de conformidade co disposto no artigo 195.6, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da

Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Outorgar, a Ana xxxxx, con DNI nº. xxxxx, e Ovidio xxxxx, con DNI nº. xxxxx, a “**Licenza Municipal De Primeira Ocupación**”, que se corresponde coa edificación dunha vivenda unifamiliar illada, composta de planta de soto, planta baixa e planta alta, que se empraza urbanisticamente en Solo Urbano, Ordenanza 4, no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo, en base á licenza municipal de obras número 08/0211, de data do 06/02/2008, modificada con data do 24/04/2014, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo aos interesados

10. Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía

Con data 30/06/2014 e número de rexistro de entrada 14/1212, foi presentada solicitude de renovación de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 15/029, a nome de M^a Luísa xxxxx, (titor: José xxxxx) veciña da parroquia de Loureda.

Por isto, propónse a súa renovación e outorgarlle, a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, á que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía, solicitada a nome de dona M^a Luísa xxxxx, co DNI xxxxx, (titor: José xxxxx) veciña do lugar de xxxxx, parroquia de Loureda, co número de tarxeta 15/029 e con data de validez ata xullo de 2024.

2.- Unha vez finalizada a data de validez, ou por falecemento do titular, farase entrega da tarxeta no Departamento de Servizos Sociais do Concello, para súa renovación ou baixa, segundo proceda.

3.- Notificar este acordo á interesada.

11. Destino do canon do Convenio con RAMSA, aprobado o 20 de febreiro de 2014 en Xunta de Goberno

Con data 20 de febreiro de 2014 apróbase en Xunta de Goberno o convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa Rocas, Arcillas y Minerales SA (RAMSA).

No punto número dous, de obrigas e dereitos, sinálase que “ *RAMSA doará ó Concello de Boqueixón un canon, polo Desenvolvemento da actividade de explotación mineira, coa finalidade de que sexa destinado a obras municipais*”.

No punto número tres, establécese que “*complementariamente RAMSA, en función das súas dispoñibilidades económicas dotará anualmente un fondo cun importe mínimo de 3000 € destinado ó Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón*”.

Con data 27 de xuño de 2014 RAMSA ingresou a contía total de 10.855,88 €, dos cales 3.000 € se destinan ó Departamento de Cultura.

Os restantes 7.855,88 € deberán ser aplicados ó pago de indemnizacións por despedimentos, que o concello tivo que aboar como consecuencia do cumprimento das sentenzas xudiciais do Xulgado do Social.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Destinar o primeiro importe do canon aboadado pola empresa RAMSA, 7.855,88 €, ó aboamento das indemnizacións por despedimentos, como consecuencia do cumprimento das sentenzas xudiciais do Xulgado do Social, en lugar de destinalo a obras municipais.

2. Dar conta do acordo ó Departamento de Tesourería-Intervención

12.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 17.133,88 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Facturas pendentes de pagamento:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en abril		
1	CHC Energía – Consumo enerxía eléctrica do 31/12/13 ó 28/02/14 do local social de Noente	2014.0.3.0.221	89,58
	Rexistradas en xuño		
2	Correo TV – Gravación spot promocional do Concello de Boqueixón	2014.0.4.0.226	242,00
3	Probisa – Aglomerado para asfaltado pistas municipais	2014.0.4.0.212	80,65
4	Compostela Digital – Colocación provisional posto de Servizos Sociais en despacho independente	2014.0.9.0.212	131,72
5	Cadena Cope Santiago – Publicidade festas do S. Cidre en Oural os días 16,17 e 18 de maio	2014.0.4.0.226	605,00
6	Marbe Hispania, SL – Formigón para cunetas de Loureiro – Pousada	2014.0.4.0.212	868,88
7	Marbe Hispania, SL – Formigón para campo da festa de Oural	2014.0.4.0.212	304,11
8	2000 Joscon Construcciones, SL – Reparación contedores soterrados en Lestedo	2014.0.3.0.213	411,40
9	Claudio Boqueixón – Produtos para a Ocioteca de Camporrapado	2014.0.4.0.226	10,36
10	Probisa – Aglomerado para bacheado de pistas municipais	2014.0.4.0.212	50,64
11	+deseño – Colaboración edición libro “Cantos de lembranza” de Xosé Neira Vilas e Manoela de Felisa	2014.0.9.0.226	1.210,00
12	Río Blanco, SL – Produtos para a piscina municipal	2014.0.9.0.212	114,95
13	Probisa – Aglomerado para bacheado de pistas municipais	2014.0.4.0.212	112,53
14	Gasóleos S. Benito, SL – Gasolina sin plomo para maquinaria municipal	2014.0.1.0.221	111,31
15	Río Blanco, SL – Produtos para a piscina municipal	2014.0.9.0.212	151,25
16	Deputación da Coruña – Anuncio exposición pública en BOP do padrón do lixo	2014.0.9.0.226	48,60
17	Río Blanco, SL – Produtos para a piscina municipal	2014.0.9.0.212	471,90
18	Patricia Fernández Lázaro – Recibí esporádico colaboración ocioteca de Camporrapado	2014.0.3.0.226	100,00

19	Gerpe Castro , J.B y otros, SCP – Minuta de honorarios por intervención en conciliación – despido de Javier Patiño Fernández	2014.0.9.0.226	700,00
20	Manuel Mera Granja – Pacas de herba para 1º Encontro Dragal no Pico Sacro	2014.0.4.0.226	234,10
21	Repsol Butano, SA – Gas butano para pavillón do Forte e campo de fútbol	2014.0.9.0.221	296,75
22	Dispagal Galicia, SL – Material de limpeza para o pavillón e o campo de fútbol	2014.0.9.0.212	47,49
23	Liquidación de gastos de Mavi Negrín por transporte e estancia en stand da Semana Verde de Galicia	2014.0.9.0.230	41,16
24	Correo TV – Spot en programación de Correo TV	2014.0.4.0.226	242,00
25	Coregal – Recollida e xestión de residuos papel e cartón mes de abril	2014.0.3.0.213	388,98
26	Coregal – Recollida e xestión de residuos papel e cartón mes de maio	2014.0.3.0.213	388,98
27	A1 Seguridade – Conexión alarma concello e sistema antirrobo – custo semestral	2014.0.9.0.212	516,03
28	Grupo Viaxes Jelbal, SL – Billete de avión de Francesca Soru con cargo a subvección do INJUVE	2014.0.3.0.226	270,00
	Rexistradas en xullo		
29	Liquidación de gastos de Ricardo Romero Pèrez – kilometraxa escolas deportivas de febreiro a maio 2014	2014.0.9.0.230	431,68
		Total	8.672,05

Facturas domiciliadas e xa aboadas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
Rexistradas en xuño			
30	Gas Natural Fenosa –Consumo eléctrico ximnasio municipal meses de marzo e abril 2014	2014.0.3.0.221	455,57
31	Gas Natural Fenosa – Consumo eléctrico depuradora de Orto mes de abril de 2014	2014.0.3.0.221	6.522,81
32	Ricoh – Mantemento fotocopiadoras mes de xuño	2014.0.9.0.213	805,55
33	Vodafone – Servizo mensared do 15/05/14 ó 14/06/14	2014.0.9.0.222	16,52
Rexistradas en xullo			
34	Movistar – Consumo telefónico mes de maio do Local Social de Lestedo e Escola Infantil	2014.0.9.0.222	47,51
35	Movistar – Consumo telefónico mes de maio do centro de saúde de Lestedo	2014.0.9.0.222	20,30
36	Movistar – Consumo telefónico mes de maio do Fax	2014.0.9.0.222	47,59
37	Movistar – Consumo telefónico mes de maio Centraliña	2014.0.9.0.222	469,61
38	Movistar – Consumo telefónico mes de maio da Alarma	2014.0.9.0.222	24,55
39	Movistar – Consumo telefónico mes de maio da oficina de Correos	2014.0.9.0.222	22,68
40	Movistar – Consumo telefónico mes de maio de Protección Civil	2014.0.9.0.222	29,14
		Total	8.461,83

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía que suman un total de 6.916,41 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.221 do orzamento:

Núm. 14/1051

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN140500283789	ES0111000009301099YPOF	105,34	Alum. Púb Rebordaos-Oural	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283790	ES0111000009301117FA0F	110,74	Alum. Púb, Rebordaos-Oural	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283791	ES0111000009301128FZ0F	167,59	Al.Púb.Rebordaos do Medio-Oural	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500314294	ES0111000009301135FK0F	11,76	Alum. Púb Ponteledesma	16/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283792	ES0111000009303006CY0F	173,14	Alum. Púb, Engas-Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283793	ES0111000009303022CE0F	80,31	Alum. Púb. Casaldesuso-Codeso	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14

1CSN140500283794	ES0111000009303067EK0F	540,59	Al. Púb. (Casa S. Juan) Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283795	ES0111000009303068EE0F	19,69	Alum. Púb. Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283796	ES0111000009303069TT0F	9,03	Esc. nenas Outeiro - Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283797	ES0111000009303070TR0F	9,03	Alum. Púb. Outeiro - (Codeso)	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283798	ES0111000009303073TG0F	282,00	Alum. Púb. Igrexa Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500314301	ES0111000009303079TX0F	45,12	Local Soc. Outeiro-Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283799	ES0111000009303087TH0F	79,58	Alum. Púb. Gafo.Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283801	ES0111000009304049LZ0F	126,29	Al. Púb. Centro Frío Casalvieta	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283802	ES0111000009304050LS0F	19,51	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283803	ES0111000009304051LQ0F	86,94	Al. Púb. Vixión-Devesa - Codeso	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283804	ES0111000009304056LK0F	44,15	Alum. Púb. Granxola-Molino Boo	15/05/14	01/03/14 a 08/05/14
1CSN140500283805	ES0111000009304057LE0F	44,15	Al. Púb. Granxola-Casa Gerardo	15/05/14	01/03/14 a 08/05/14
1CSN140500283806	ES0111000009309008MM0F	104,81	Alum. Púb. Maravexás, S/N	15/05/14	28/02/14 a 24/04/14
1CSN140500283807	ES0111000009313061CX0F	14,97	Lugar (Casa Alfonso) Oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283808	ES0111000009313063CN0F	40,22	Cent. Deportivo de Camporrapado	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283809	ES0111000009313067CQ0F	194,19	A. Púb. Banco G. Camporrapado	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283810	ES0111000009313077KA0F	218,03	Alum. Púb. Peneliña-Oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283811	ES0111000009313189AT0F	441,35	Silveira-Escola Bajo, Oural	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283812	ES0111000009313192AA0F	221,61	Lugar Vila la Paz - Oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283813	ES0111000009313196AF0F	266,33	Alu. Púb. Campo da Festa-Oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283814	ES0111000009313203AZ0F	59,28	Alum. Púb. León-Camporrapado	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283815	ES0111000009313210AK0F	183,13	Alum.Púb. Silveira- Camporrapado	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283816	ES0111000009313212GT0F	98,11	Local Social Pousada S/N	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283817	ES0111000009313218GY0F	17,07	Alum. Púb. Supazo - Pousada	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283818	ES0111000009313220GP0F	74,48	Alum. Púb. Castro I-oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283819	ES0111000009313221GD0F	104,87	Alum. Púb. Castro II-oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283820	ES0111000009313222GX0F	73,48	Alum. Púb. Castro II-oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283821	ES0111000009313223GB0F	134,66	Alum. Púb. Parte Castro-Oural	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283822	ES0111000009313224GN0F	125,20	Al.Púb. Pumariño-Corral- Pousada	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283823	ES0111000009313235MT0F	45,92	Alum. Púb. Papete-Pousada	15/05/14	01/03/14 a 25/04/14
1CSN140500283824	ES0111000009313236MR0F	132,62	Alum. Púb. Pousada	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283825	ES0111000009313267YD0F	129,63	Alum. Púb. Pousada-Oural	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283826	ES0111000009314019QW0F	234,46	Lugar Pousada S/N	15/05/14	01/03/14 a 24/04/14
1CSN140500283827	ES0111000009315028JE0F	94,92	Igrexa Parroquial Subcira	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283828	ES0111000009315038ZD0F	177,37	A.P. Subcira-CT S/N	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14

1CSN140500283829	ES0111000009315039ZX0F	34,13	A.P. Viñas (Boqueixón)	15/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500314333	ES0111000009315041ZN0F	19,01	Local Social de Subcira	16/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283830	ES0111000009315043ZZ0F	293,97	A.P. Fonteblanca e Frenza	16/05/14	01/03/14 a 28/04/14
1CSN140500283832	ES0111000009313060CD0F	303,78	Centro Cultural Camporrapado	15/05/14	02/04/14 a 29/04/14
1CSN140500234020	ES0221000001006049YG0F	362,12	Igrexa de Ledesma	13/05/14	01/03/14 a 30/04/14
1CSN140500023011	ES0221000001005032FE0F	663,95	Lugar Vila, S/N	02/05/14	01/03/14 a 30/04/14
1CSN140500023012	ES0221000001005007YC0F	97,78	Local Social de Noente	02/05/14	01/03/14 a 30/04/14

TOTAL 6.916,41

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural SUR SDG, SA e Gas Natural Servizos SDG, SA que suman un total de 5.855,82 euros e que se aboan con cargo á partida 2014.0.3.0.221 do orzamento:

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
F01140311613348	ES0022000008147279JE1P	36,61	Bombeo de Lamparte	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311644156	ES0022000008920544PG1P	106,55	Bombeo de Orto 9010	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140410092139	ES0022000009030777QK0P	272,24	Lg. Deseiro de Arriba, 8037 A.Púb.	03/04/2014	27/02/14 a 01/04/14
F01140311590102	ES0022000007320543VK1P	73,37	Lg. Vigo, 9000 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311592449	ES0022000007661637JW1P	77,88	Lg. Forte, 9032 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311593125	ES0022000007320544VE1P	43,81	Lg. Senande, 9000 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311599331	ES0022000008964524BP1P	22,35	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311605248	ES0022000007253334QH1P	11,33	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311607074	ES0022000007662958RN1P	34,26	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311608561	ES0022000007021150HL1P	147,00	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311609342	ES0022000007662959RJ1P	48,36	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311616095	ES0022000007249659HT1P	35,63	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311618859	ES0022000008964525BD1P	20,79	Lg. Orto, 9700 - Boqueixón	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311619386	ES0022000004975491HA1P	103,12	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311620225	ES0022000007455163ME1P	151,03	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311620791	ES0022000007320555HX1P	21,18	Lg. Vilar, 9003 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311621550	ES0022000007021267TK1P	127,53	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311626676	ES0022000007107334QE1P	54,04	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311631343	ES0022000007320582LZ1P	76,58	Lg. Torre, 9000 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311636961	ES0022000008876495WT1P	40,83	Lg. Vilar, 0005 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311644606	ES0022000007249769EH1P	65,92	Lg. Vilar, 9924 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311645206	ES0022000007373065RB1P	71,43	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14
F01140311647525	ES0022000004975486VK1P	136,49	Lg. Vilar, 9700 A.Público	02/04/2014	28/02/14 a 31/03/14

F01140410029848	ES0022000007320549HG1P	167,11	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	03/02/2014	27/02/14 a 01/04/14
F01140410053393	ES0022000004975490HW1P	2,26	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410056395	ES0022000007320580LN1P	146,25	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410080682	ES0022000007249666HF1P	66,26	Lg. Pena, 9915 - A.Público	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410089038	ES0022000007455157MQ1P	166,53	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410089883	ES0022000007251856KN1P	206,35	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410089943	ES0022000007021143HN1P	142,10	Lg. Outeiro, 9710 A.Público	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410095746	ES0022000007164018CB1P	320,47	Lg. Forte, 9030 A.Público	03/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410096426	ES0022000007566337DZ1P	102,57	Lg. Casal, 9109 - A.Público	04/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410096728	ES0022000007561243HA1P	89,02	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	04/04/2014	01/03/14 a 01/04/14
F01140410136329	ES0022000007021268TE1P	251,30	Lg. Gándara, 9700 A.Público	04/04/2014	27/02/14 a 01/04/14
	Total	3.438,55			

GAS NAT. SERVIZOS SDG, S.A - Rex. 14/996

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE14321144799865	ES0022000007831162TV1P	446,34	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	08/04/2014	01/03/14 a 31/03/14
FE14321144799866	ES0022000007164583ER1P	1.004,42	Colexo do Forte, 9031. Forte	08/04/2014	01/03/14 a 31/03/14
FE14321144799862	ES0022000004975487VE1P	69,67	Alum.Púb.Vilar, 0097 004 - Lestedo.	08/04/2014	01/03/14 a 31/03/14
FE14321144799863	ES0022000007586591QM1P	361,50	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	08/04/2014	01/03/14 a 31/03/14
FE14321144799867	ES0022000008842233FP1P	535,34	Campo de Fútbol, - Forte 9050	08/04/2014	01/03/14 a 31/03/14
	Total	2.417,27			

13.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace
O Alcalde